



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A ENTIDADE COLABORADORA “Asociación de Pescadores Os Troiteiros do Narla”**

1.- Esta Consellería de Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de pesca continental.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a regulación da conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas.

2.- Antecedentes: coa data de 13 de outubro de 2020 o/a **Asociación de Pescadores Os Troiteiros do Narla** solicitou a renovación da súa condición de entidade colaboradora, e o servizo de Patrimonio Natural de Lugo propuxo a súa renovación como entidade colaboradora á Dirección Xeral de Patrimonio Natural en decembro de 2020.

Coa data de 13 de xaneiro de 2021 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural renovou a condición de Entidade Colaboradora de Pesca Fluvial por un período dun ano.

O Presidente da entidade colaboradora **Asociación de Pescadores Os Troiteiros do Narla** solicitou o 12 de marzo de 2021 a sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais, así como na mellora dos ecosistemas fluviais no couto de pesca de Friol no río Narla.

O 17 de marzo de 2021, o servizo de Patrimonio Natural de Lugo emite informe-proposta favorable para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a entidade colaboradora **Asociación de Pescadores Os Troiteiros do Narla**.

3.- Finalidade: para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa entidade colaboradora **Asociación de Pescadores Os Troiteiros do Narla** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos desde a sinatura do convenio, que poderá prorrogarse por acordo das partes por un período adicional dun ano.

4.- O convenio ten por obxecto a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais, así coma na mellora dos ecosistemas fluviais. Os tramos de río obxecto do mesmo é o couto de pesca Friol, no río Narla.

5.- O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O artigo 27<sup>o</sup>.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia do Estatuto de Autonomía aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española, atribúelle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre.

Con base nesta competencia, promulgouse a Lei 2/2021, do 15 de xaneiro, de pesca continental, que ten como obxecto regular, protexer e fomentar o dereito ao exercicio da pesca continental das especies pescables e o ordenado aproveitamento dos recursos piscícolas e a conservación e recuperación dos ecosistemas acuáticos en todos os cursos e tramos de augas continentais situados dentro dos límites territoriais da comunidade autónoma de Galicia.





A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (no sucesivo, Consellería), ten atribuída as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, segundo o establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

De conformidade co disposto compételle á Consellería o desenvolvemento e a aplicación da Lei 2/2021, do 15 de xaneiro, de pesca continental.

No marco legal da Lei 2/2021, atópase definida a figura das entidades colaboradoras. De conformidade co artigo 7 da antedita lei, considéranse entidades colaboradoras aquelas realicen actividades programadas de promoción e divulgación da pesca continental, ou actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do ambiente das devanditas augas e que teñan recoñecido tal condición.

En concordancia con isto, a Lei 2/2021, de 15 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, avoga pola recoñecemento ao importante papel que se ten desempeñado nestes anos en favor da riqueza piscícola, de xeito expreso a lei prevé no seu artigo 30, a posibilidade que ten a Administración autonómica de subscribir convenios de colaboración coas asociacións ou as sociedades de persoas pescadoras de carácter non lucrativo que acrediten a condición de entidades colaboradoras, os cales terán por obxecto a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola, así como a mellora dos ecosistemas acuáticos, en tramos concretos de ríos, os encoros e as lagoas.

As entidades asinantes dos convenios colaborarán no coidado, a conservación, a promoción e a xestión dos recursos piscícolas.

O nomeamento e renovación de entidades colaboradoras vén regulado nos artigos 36 a 38 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio).

Segundo o establecido no artigo 36 do antedito Regulamento, considéranse entidades colaboradoras as que realicen actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do medio ambiente das devanditas augas e que teñen recoñecido tal carácter.

Terán a consideración de actividades e investimentos en favor da riqueza piscícola os seguintes:

- a) O desenvolvemento de actividades relacionadas co ecosistema fluvial, incluíndo cursos, conferencias, coloquios e edición de libros ou impresos divulgativos.
- b) A realización de campañas de difusión e formación dirixidas a pescadores ou escolares, especialmente aquelas que se fagan en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, territorio e Vivenda con colexios públicos, con aulas da natureza ou con calquera outro organismo ou entidade relacionado coa protección e conservación do medio fluvial.
- c) A colaboración en traballos programados ou desenvolvidos polos servizos de Patrimonio Natural ou por centros de investigación de recoñecido prestixio.





- d) Calquera actividade ou investimento que repercuta en beneficio directo e indirecto do hábitat ou da riqueza piscícola continental e que sexa aprobado previamente polo Servizo Provincial de Patrimonio Natural.

O Decreto 119/1994, do 28 de abril, polo que se fixan os prezos públicos dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes referentes a actividades de caza e pesca, modificado polo Decreto 114/2013, do 18 de xullo, establece que determinados permisos de pesca en coutos poderán ser gratuítos no caso de entidades colaboradoras coas que exista convenio.

A crecente demanda de participación na protección e conservación dos ecosistemas fluviais que se vén producindo nos últimos anos por parte dos colectivos de pescadores, determina que a Consellería estableza un marco dende o que coordinar as accións que as diferentes entidades colaboradoras propoñen.

Por todo o anterior, a Consellería promove acordos para actuacións concretas en tramos de río con aquelas entidades colaboradoras interesadas en participar na xestión dos recursos piscícolas das nosas augas.

Coa sinatura do presente convenio a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en función das obrigas recoñecidas pola entidade colaboradora e segundo o establecido na cláusula SEGUNDA do convenio, asume o compromiso de reservar para a entidade colaboradora o corenta a cinco por cento (45%) dos permisos de pesca no couto citado para cada un dos días hábiles de pesca de cada tempada, segundo o establecido na cláusula TERCEIRA do devandito convenio.

Este convenio non xera gastos que precisen un financiamento específico con cargo ao orzamento da consellería.

6.- Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O presente convenio ten natureza administrativa e exercerase consonte a Lei 2/2021, de 15 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e de acordo co Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio).

Para a tramitación do presente convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas  
(asinado dixitalmente)

Susana Cuesta Fariña

